Wikipedia

Mamut

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

Un **mamut**[1] (do antigo ruso маммот, hoxe мамонт) é calquera das especies do extinto xénero *Mammuthus*, aínda que o mamut por excelencia é o mamut laúdo, *Mammuthus primigenius*, de cairos longos e curvados, e do que se chegaron a atopar varios exemplares sepultados no permafrost de Siberia.

Mamut

Rango fósil: Plioceno - Holoceno



Mamut columbino no Page Museum, dos Ánxeles

Estado de conservación



Extinto

Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Mammalia
Orde:	Proboscidea
Familia:	Elephantidae
Xénero:	***†Mammuthus***

Especie tipo

†Mammuthus primigenius'

(Blumenbach, 1799 [orixinalmente *Elephas*])

Especies

- †*M. subplanifrons*
- †*M. africanavus*
- †*M. meridionalis*
- †*M. trogontherii*
- †*M. columbi*
- †*M. exilis*
- †*M. primigenius*
- †*M. lamarmorae*
- †*M. creticus*
- †*M. rumanus*

Índice

Historia e características

As especies máis setentrionais, posuían unha cuberta de cabelo longo que os protexía dos fríos glaciares. Habitaban as rexións setentrionais de Europa, Asia , América do Norte e de América Central.

Os corpos de mamuts conxelados no xeo xeralmente mostran un bo grao de conservación e mesmo se alimentaron os cans dos buscadores coa súa carne. Existiron propostas de clonación de exemplares acabados de desconxelar co obxectivo de revivir esta especie.

Ademais da carne conxelada, encontráronse grandes cantidades de marfil en Siberia que foi utilizado como artigo de comercio durante moitos séculos.

É un erro común asumir que os mamuts eran criaturas moito máis grandes cós elefantes modernos, un erro que levou a utilizar a palabra *mamut* como adxectivo para describir *algo moi grande*. A especie coñecida máis grande, o Mamut Imperial de California, alcanzaba a altura de polo menos 4 metros ata a cruz (a mesma que o elefante africano máis grande coñecido). Porén, a maioría das especies de mamuts eran do tamaño do elefante moderno da India, e atopáronse fósiles de mamuts ananos na illa de Wrangel, ó leste

da costa de Siberia. Os mamuts desapareceron de Europa hai 12.000 anos e un milenio despois fixérono en América do Norte. Hai 10.000 extinguiuse en Siberia, quedando só a poboación anana de Wrangel, que persistiu até arredor do ano 2.000 a.C. ou mesmo menos.

Sinonimia


- *Archidiskodon* Pohling, 1888
- *Parelephas* Osborn, 1924
- *Mammonteus*

Os mamuts diverxeron dos elefantes asiáticos trala división dos elefantes africanos, o que significa que os mamuts estaban máis emparentados co elefante asiático que este último co elefante africano. Dado que hai un caso de entrecruzamento exitoso entre un elefante asiático e un africano, especúlase que se os mamuts existisen na actualidade, poderían entrecruzarse cos elefantes asiáticos aínda máis facilmente e esta especulación levou á idea de recrear a esta especie tomando seme conxelado de mamut e usándoo para fecundar unha elefanta. Ulteriores cruzamentos irían eliminando os caracteres propios do elefante asiático ata chegar a un mamut totalmente "reconstruído". Porén, até o momento no se atopou seme suficientemente intacto como para iniciar o experimento.



Mamut

Os científicos continúan debatendo se os mamuts se extinguiron por factores climáticos ou por unha matanza levada a cabo por humanos.



Placa cun mamut gravado, procedente de Malta (Museo do Hermitage, san Petersburgo)

Galicia

O único fósil de mamut descuberto en Galicia foi atopado no concello do Incio, o 2 de maio de 1961. Os restos atopáronse na localidade de Buxán, e foron estudados polos estudosos Isidro Parga Pondal, Uxío Torre Enciso e Emiliano Aguirre. Parga Pondal cedeu os restos ó museo de historia natural Luis Iglesias, da Universidade de Santiago de Compostela, que é quen ten a custodia.[2]

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/mamut) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/mamut) para *mamut*.
2. Rueda, Carlos (14 de novembro de 2013). "En la tumba olvidada del único mamut de Galicia". *La Voz de Galicia*. Consultado o 25 de xaneiro de 2016.

Véxase tamén



Wikimedia Commons ten máis contidos multimedia na categoría: ***Mamut***



Wikispecies posúe unha páxina sobre: ***Mamut***

Bibliografía

- Lister, A.; Bahn, P. (1994). *Mammoths*. Nova York: Macmillan.
- Versini, A. (2004). *Au temps des mammouths*. París: Muséum national d'histoire naturelle. ISBN 2-85653-567-4.

- Joger, U.; Kamcke, C. (2005). *Mammut: Elefanten der Eiszeit*. ISBN 3-938693-04-5.
- Martin, P. (2005). *Twilight of the mammoths: Ice Age extinctions and the rewilding of America*. Berkeley: University of California Press.
- Capelli, C.; et al. (2006). *A nuclear DNA phylogeny of the woolly mammoth (Mammuthus primigenius)*. Molecular Phylogenetics and Evolution **40 (2)** 620–627.
- Levy, S. (2006). *Clashing with Titans*. BioScience **56 (4)** 292-298.
- Lister, A.; Bahn, P. (2007). *Mammoths: Giants of the Ice Age*. University of California Press. ISBN 0-520-25319-1.

Ligazóns externas

- "Mammoth find. New evidence links Siberian, North American mammals" (http://www.nationalpost.com/news/canada/story.html?id=770455)[*Ligazón morta*], Pequeno mamut orixinario de Norteamérica achado en Siberia, artigo do *Canada National Post*, 5 de setembro de 2008. *(en inglés)*
- *The Mammoth Story (https://web.archive.org/web/20040708084836/http://rbcm1.rbcm.gov.bc.ca/hhistory/mammoth/mammothstory.html)* de Grant Keddie. Artigo publicado no sitio web do *Royal British Columbia Museum*. *(en inglés)*
- *10.000 años muy bien llevados. Achado en Siberia un bebé de mamut que se conservou case íntegro grazas aos xeos (http://www.elpais.com/articulo/sociedad/Hallado/Siberia/bebe/mamut/congelado/hace/10000/anos/elpepusoc/20070711elpepusoc_4/Tes)* nota de ElPais.com. *(en castelán)*
- *"Sequencing the nuclear genome of the extinct woolly mammoth" (http://www.nature.com/nature/journal/v456/n7220/full/nature07446.html)*, Secuencian o 80% do xenoma do Mamut Laúdo, Nota da Revista Nature, 20 de novembro de 2008. *(en inglés)*
- *"Mammoth Genome Project" (http://rw.mammoth.psu.edu)*, Pennsylvania State University. *(en inglés)*
